

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA A SATISFACER POLO USO DOS SEVIZOS DE LUDOTECA, COIDADADO DE NENAS E NENOS E TEMPO DE LECER**

### **Artigo 1º.- Fundamento e réxime**

No uso das facultades concedidas polo artigo 57 do Texto refundido da Lei reguladoras facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello da Rúa establece a taxa polo uso dos servizos de Ludoteca, Coidado de nenas e nenos e Tempo de lecer que se rexerán polas normas contidas para o efecto na dita lei, e por esta ordenanza fiscal.

Todo o relativo a solicitudes, normas de xestión e demais aspectos substantivos materiais que non aparecen regulados nesta ordenanza fiscal rexeranse pola ordenanza reguladora desta taxa.

### **Artigo 2º.- Feito imponible**

Constitúe o feito imponible da taxa o uso dos servizos de Ludoteca, Coidado de nenas e nenos e Tempo de lecer.

### **Artigo 3º.- Obrigados/as ao pagamento**

Están obrigados/as ao pagamento as persoas físicas que se beneficie do acceso e disfrute dos servizos de Ludoteca, Coidado de nenas e nenos e Tempo de lecer.

### **Artigo 4º.- Taxa a abonar**

As contías das taxas reguladas nesta ordenanza será fixada nas seguintes tarifas:

#### **A) Ludoteca e Coidado de nenas e nenos**

A taxa a abonar farase por mensualidades.

A Taxa establécese no seguinte cadro tendo en conta o tipo de xornada elexida (xornada completa, xornada de tarde e madrugadores) así como o número de irmáns que obteñan praza .

| Nº irmáns admitidos | Xornada completa | Xornada de tarde | Madrugadores |
|---------------------|------------------|------------------|--------------|
| Individual          | 40 €             | 30 €             | 20 €         |
| 2 irmáns            | 70 €             | 50 €             | 30 €         |
| 3 irmáns            | 105 €            | 75 €             | 45 €         |

#### **B) Tempo de Lecer**



A taxa a abonar farase por quincenas.

A Taxa establécese no seguinte cadro tendo en conta o número de irmáns que obteñan praza.

| Nº irmáns admitidos | Quincena |
|---------------------|----------|
| Individual          | 40 €     |
| 2 irmáns            | 70 €     |
| 3 irmáns            | 105 €    |

C) Sempre que a dispoñibilidade de prazas o permita, as nenas e nenos non matriculados regularmente na Ludoteca e Coidado de nenas e nenos poderán asistir a ela en días soltos aboando no Concello a taxa correspondente que se determina en 5 €/día. Esta posibilidade estará só dispoñible no caso de que nese día non estean cubertas as 50 prazas totais da Ludoteca e Coidado de nenas e nenos e sempre que realice o aboamento previo da taxa correspondente na Casa do Concello.

#### **Artigo 5º.- Obriga de pagamento**

1. Para o alumnado admitido no servizo de Ludoteca e Coidado de nenas e nenos, estes deberán abonar a taxa establecida nesta ordenanza os cinco primeiros días do mes.
2. O alumnado que obteña praza no Tempo de Lecer deberá abonar a taxa das quincenas nas que foron admitidos no momento da matrícula.

#### **Artigo 5º.- Baixas ou renuncias e devolución d3 taxas**

- 1.- Ludoteca e coidado de noas e nenos: No caso de producirse baixas voluntarias unha vez iniciada a actividade, deixarase de abonar a taxa correspondente desde o mes seguinte á comunicación desta.
- 2.- Tempo de lecer: En caso de producirse baixas ou renuncias voluntarias só se procederá á devolución da taxa se a devandita renuncia se produce antes do comezo da quincena/s de referencia.

#### **Disposicións adicional única**

Os importes a que se fai referencia na presente Ordenanza actualizaranse anualmente en función do IPC publicado polo Instituto Nacional de Estatística ou organismo que o



substitúa, que houbera no ano transcorrido (variación do IPC nos 12 meses anteriores que corresponden ao período dun ano completo).

### **Disposicións Finais**

**Primeira.-** En todo ou non previsto na presente Ordenanza será de aplicación a “Ordenanza reguladora do servizo de Ludoteca e do Tempo de Lecer”.do Concello da Rúa e cantas disposicións sexan aplicables.

**Segunda.-** A presente Ordenanza entrará en vigor non mesmo día da súa publicación integra non Boletín Oficial de Ourense e unha vez se atope aprobada definitivamente a “Ordenanza reguladora do servizo de Ludoteca e do Tempo de Lecer”, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Rúa, 26 de decembro de 2024.

A alcaldesa

Asdo.: María González Albert.

